

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do artigo 156, do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión.**

O pasado 27 de febreiro durante o acto de colocación da primeira pedra da obra de ampliación da Ponte de Rande, o Presidente da Xunta de Galicia e a Ministra de Fomento afirmaron que a realización da obra significaba un día histórico para o país e conlevaría a mellora da competitividade económica da provincia.

A obra presentada terá un custe de 130 millóns de euros que será pagada a través dos incrementos das peaxes nos próximos 20 anos, dentro dunha das autoestradas máis caras do Estado, e pretende solucionar problemas de retención de tráfico nos accesos a Vigo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:

- 1) Cales son os datos nos que se asenta a afirmación de que dita obra mellorará a competitividade da provincia de Pontevedra?
- 2) Cales son os principais factores que a criterio da Xunta de Galicia lastran a competitividade da área metropolitana de Vigo?
- 3) Estudáronse outras alternativas a esta inversión, avaliando o custe/beneficio?

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado da AGE.

Asinado dixitalmente por:



Anton Sánchez García na data 03/03/2015 17:51:17